

# Cando o pasado é futuro: historia e construción nacional na Galiza do século XIX

*When the past is future: History and national building in Galicia during the 19<sup>th</sup> century*

**Prudencio VIVEIRO MOGO**

Consello da Cultura Galega

pveiro@hotmail.com

[Recibido, novembro 2008; aceptado, xaneiro, 2009]

## RESUMO

Ao longo dos tempos unha das funcionalidades que máis a miúdo se lle deu á Historia foi a de servir de apoio a unhas ideas políticas. O discurso historiográfico serviu, así, como base dun determinado proxecto político. No pasado procuráronse as razóns para fundamentar un determinado presente, cando non un glorioso futuro. Neste traballo tratamos de pescudar cal foi a influencia da historiografía galega no proceso de construción nacional de Galiza no século XIX. De xeito xeral, podemos dicir que pasamos dunha historia apoloxética, que pretendía situar a Galiza como un dos primeiros pobos españois, a unha historia diferencialista, que tiña no celtismo o cerne do seu discurso.

**PALABRAS CHAVE:** Historia de Galiza, contrución nacional, política.

VIVEIRO MOGO, P., (2009): “Cando o pasado é futuro: historia e construción nacional na Galiza do século XIX”. *Madrygal (Madr.)*, 12: 131-136.

## RESUMEN

A lo largo del tiempo una de las funcionalidades que más frecuentemente se le ha dado a la Historia ha sido la de servir como apoyo de unas ideas políticas. El discurso historiográfico ha servido, así, como base de un determinado proyecto político. En el pasado se buscaron las razones para fundamentar un determinado presente, cuando no un glorioso futuro. En este trabajo tratamos de investigar cuál ha sido la influencia de la historiografía gallega en el proceso de construcción nacional de Galicia en el siglo XIX. En general, podemos decir que pasamos de una historia apologetica, que pretendía situar a Galicia como uno de los primeros pueblos españoles, a una historia diferencialista, que tenía en el celtismo el centro de su discurso.

**PALABRAS CLAVE:** Historia de Galiza, contrución nacional, política.

VIVEIRO MOGO, P., (2009): “Cando o pasado é futuro: historia e construción nacional na Galiza do século XIX”. *Madrygal (Madr.)*, 12: 131-136.

## ABSTRACT

Throughout the time one of the functionalities that more frequently has given to the History has been it of serving as support of political ideas. The historiography discourse has served, then, as base of a certain political project. In the past the reasons were looked to base a certain present, when not a glorious future. In this work we try to investigate which has been the influence of the Galician historiography in the process of national building of Galicia in the 19th century. In general, we can say that we pass from an apologetic history, which it was trying to place Galicia as one of the first Spanish people, to a differential history, that had in the Celtism the center of his discourse.

**KEY WORDS:** History of Galicia, national building, politics.

VIVEIRO MOGO, P., (2009): "When the past is future: history and national building in Galicia during the 19<sup>th</sup> century". *Madrygal (Madr.)*, 12: 131-136.

**SUMARIO:** 1. Introducción. 2. Das historias apoloxéticas ao celtismo. 3. Os historiadores anteriores a Murguía. 4. Manuel Murguía. 5. Referencias bibliográficas.

## 1. INTRODUCCIÓN

Unha das principais utilidades que se lle deu ao estudo da Historia foi a de servir de base para un proxecto de construción nacional. Foi no século XIX cando as nacións comezaron a construírse tal e como as coñecemos hoxe. A Historia xogou un importante papel nesas construcións nacionais, converténdose en instrumento de cohesión interna e de reforzamento da memoria colectiva para a afirmación nacional. Tal situación converteu ao novecentos no século das nacións, mais tamén no século da Historia, debido ao grande papel que xogou nas afirmacións nacionais.

O desenvolvemento historiográfico decimonónico non foi uniforme. Así, de xeito xeral, podemos dicir que existiron dúas posicións históricas enfrontadas: por un lado temos a influencia que tivo no discurso historiográfico a Revolución francesa (1789) e os sucesivos movementos liberais de 1830 e 1848. Por outra parte, tamén na historiografía afectou a contrarrevolución, é nese ámbito onde temos que situar o Romanticismo alemán, que tivo a Herder como figura máis sobranceira. De cada posición histórica xurdiu unha idea de nación diferente: dun lado, o liberalismo transmitiunos a idea de nación herdada da Revolución francesa, tendo o seu fundamento na Soberanía Nacional e na idea de cidadán; por outro lado, a liña do Romanticismo vai resaltar sobre todo a etnicidade, a idea orgánica da nación, facendo fincapé no *Volkgeist* ou espírito do pobo.

Existen, xa que logo, dúas pólas historiográficas, a liberal e a romántica, e estas serviron tamén a distintas ideas de nación. En Galiza a orixinali-

dade estivo na síntese que se realizou entre romanticismo e liberalismo. Nos autores galegos do século XIX foi importante a etnicidade e o celtismo, situacións ambas que os converten en historiadores románticos, mais hai que mencionar a indubidábel filiación liberal dos historiadores galegos do século XIX. Deste xeito se o romanticismo vai xeralmente unido ao conservadorismo, no senso de que ollan cara ao pasado coa idea de recuperar vellas institucións feudais e corporativas, para resucitalas no presente, isto non ocorre nos historiadores galegos. Os autores galegos ollaron cara ao pasado, mais non con nostalxia. A súa idea de etnicidade tiña unha función clara: a de prestixiar a Galiza, recuperar un pasado glorioso para construír un futuro próspero. Non podemos deixar de mencionar aquí a funcionalidade que se lle está a dar á Historia, pódooa ao servizo dun proxecto nacional: o de Galiza.

## 2. DAS HISTORIAS APOLOXÉTICAS AO CELTISMO

O xeito de prestixiar a Galiza vai mudar no século XIX a respecto de como se viña facendo polo menos desde o século XVI, cando a gloria de Galiza estabalecíase en ser o primeiro dos pobos españois, o que pretendía resaltar a Historia era a españolidade de Galiza<sup>1</sup>. No século XIX o prestixio non vai ir por ese camiño, senón que a gloria vai vir dada por ser a Galiza un pobo diferente aos do resto da Península, e esa diferenza devén da orixe celta da poboación de Galiza, o celtismo será o guieiro que seguen a maioría dos historiadores á hora de procurar a orixe egrexia da poboación galega.

No entanto, non debemos de pensar que o celtismo era algo exclusivo de Galiza e do século XIX, xa que as súas raíces xa estaban postas na época da Ilustración, no século XVIII. Deste xeito, considérase que o mito céltico é un invento francés que foi reutilizado na Península e noutros lugares de Europa. Na expansión do mito céltico dous foron os puntos polémicos: por unha parte, o territorio do cal eran orixenarios e, por outra parte, a implantación e consolidación dos celtas en cada país. Así, para Juan Francisco Masdeu, introdutor do celtismo en España no século XVIII, os celtas

<sup>1</sup> Podemos sinalar algún dos títulos desta historia apoloxética anterior á centuria decimonónica. No século XVI o *Nobiliario* de Vasco de Aponte ou a *Descripción del Reyno de Galicia*, de Bartolomé Segrario de Molina. No século XVII a *Historia de Galicia* dos irmáns Fernández Boán ou o libro *Nobiliario, armas y triunfos de Galicia*, de frei Felipe de la Gándara y Ulloa. Finalmente, no século XVIII, as obras *Galicia Reyno de Christo Sacramentado*, de Pascasio Seguín e *Anales de el Reyno de Galicia*, de Francisco Javier Huerta y Vega.

eran orixinarios da Península Ibérica, razón pola que criticaba aos autores franceses que defendían a mesma orixe para o seu país. Pola contra, no caso galego, a polémica non se centrou arredor da orixe dos pobos celtas, senón na súa implantación e continuidade ao longo da Historia en Galiza, conformando o substrato principal da poboación galega.

A historiografía galega do século XIX converteu ao celtismo nun dogma que tivo como principal representante a Manuel Murguía. O control da Real Academia Galega por parte de Manuel Murguía e dos seus partidarios axudou a oficializar o celtismo. Aínda así, a esta corrente historiográfica non lle faltaron detractores, aínda que a crítica a que foi sometido o celtismo tivo máis que ver coas súas consecuencias políticas —especificidade da poboación galega e polo tanto dereito ao seu autogoberno— que con razóns intelectuais ou historiográficas, é dicir, a oposición centrábase máis no proxecto político que encarnaba Murguía que na construción historiográfica que encarnaba ese proxecto. O historiador máis destacábel na oposición ao celtismo foi Celso García de la Riega, autor de *Galicia Antigua*. Para este autor, a invasión dos celtas non tivo a importancia que lle atribuíu Murguía. Aínda así, o predominio de Murguía e do celtismo na historiografía galega do século XIX foi indiscutíbel.

Dentro do que é a xeneralización do celtismo no século XIX temos que facer unha precisión: na maioría dos historiadores o celtismo só adquire un valor cultural, só acada unha perspectiva histórica, quer dicir, non lle van dar unha finalidade política; é o caso de historiadores como Vereá y Aguiar, Martínez Padín ou Vicetto; a intención destes autores era a de prestixiar a Galiza; cunha Historia apoloxética, mais da que non se tira ningunha conclusión política. Caso diferente será o de Manuel Murguía, que puxo as súas investigacións históricas ao servizo dun proxecto político: o galeguismo; é aquí onde se pode dicir que a Historia cumpre un papel fundamental na construción nacional.

### 3. OS HISTORIADORES ANTERIORES A MURGUÍA

Os autores anteriores a Murguía valoraron o celtismo nunha perspectiva só histórica e cultural,

non procuraban unha finalidade política. Que era, daquela, o que pretendían ao tratar de demostrar a orixe celta de Galiza? A súa intención fundamental era prestixiar o país, valoralo pola súa nobre orixe, neste senso podemos sinalar certa continuidade co que se facía en séculos anteriores, é dicir, coa Historia apoloxética, mais o obxecto de prestixio mudou de xeito considerábel: de ser o primeiro dos pobos españois a ser un pobo de orixe diferente. Insistindo na orixe celta pretendíase louvar a Galiza.

Ao longo do século XIX van aparecendo varias *Historias de Galicia* de autores como Vereá y Aguiar, Martínez Padín ou Vicetto, cuxo xeito de entender a Historia de Galiza seguiu camiños moi semellantes. Caso distinto foi o de Antolín Faraldo, xa que, aínda non sendo un historiador en estrito senso, deulle ao celtismo unha perspectiva funcional, empatando co que anos máis tarde faría Murguía, é dicir, colocando a súa idea de Historia como base do seu proxecto político.

En 1838 viu a luz o primeiro tomo da *Historia de Galicia* de José Vereá y Aguiar (1775-1849), que, á postre, sería o único publicado<sup>2</sup>. Este autor tiña unha especial preocupación por amosar a grandeza histórica de Galiza, de aí que siga a mesma liña que a marcada pola Historia apoloxética. A obriga do historiador era describir con fidelidade, mais tamén esforzarse por amosar as cousas grandes e ilustres do seu país. As súas fontes e metodoloxía son as tradicionais: a etimoloxía, a numismática, as inscricións, a erudición histórica de autores greco-latinos e, como outros historiadores coetáneos, tamén emprega a Biblia como fonte.

Vereá y Aguiar pasa por ser o introdutor do celtismo en Galiza. Deste xeito, este autor colocaba aos celtas como orixe da poboación galega. Emporiso, para Vereá o celtismo seguiu configurándose dentro dunha reivindicación apoloxética de Galiza, situándose, xa que logo, en parámetros similares aos de séculos anteriores, destacando, aínda así, pola erudición empregada.

Leopoldo Martínez Padín (1823-1850) publicou o primeiro tomo da súa *Historia política, relixiosa y descriptiva de Galicia* en 1849<sup>3</sup>. O autor precedía o seu texto historiográfico dun “Discurso Histórico-Descriptivo, no cal realizaba unha ampla descrición física, histórica, social e ecle-

<sup>2</sup> Vereá y Aguiar, José: *Historia de Galicia: que comprende los orígenes y estado de los pueblos septentrionales y occidentales de la España antes de su conquista por los romanos*, Ferrol: Imprenta de D. Nicasio Taxonera, 1838.

<sup>3</sup> Martínez Padín, Leopoldo: *Historia política, relixiosa y descriptiva de Galicia*, Madrid: Establecimiento tipográfico de A. Vicente, 1849.

siástica de Galiza. Ademais desta descrición, Martínez Padín coidaba que o labor do historiador era seguir aos galegos e ser cronista fiel dos seus acontecementos. Unha vez máis atopámonos diante dunha historia de carácter apoloxético, de glorificación de Galiza. As fontes empregadas son as usuais: toponimia, descricións, lectura de historiadores precedentes, o que explica o seu eclecticismo. Martínez Padín tamén procurou na Biblia noticias históricas sobre Galiza. Para este autor o celtismo era unha constatación histórica á que non concedía ningunha importancia especial —non sendo a procura do prestixio para o país—. Así, recolleu o celtismo máis por constatación doutros historiadores, que por certeza propia da orixe celta de Galiza.

A *Historia de Galicia* de Benito Vicetto (1824-1878) foi unha das máis coñecidos do século XIX, malia o seu escaso valor historiográfico por se tratar máis ben dunha historia novelada. Esta *Historia de Galicia* é a obra máis sobranceira deste autor, cuxo primeiro volume aparece en 1865<sup>4</sup>. A obra chegaría a completar sete volumes. Vicetto defendía que a Providencia era o motor da Historia, razón que explicaría que non houbera ningún freo no proceso histórico, xa que o autor entendía a Providencia como Progreso. A Historia era, pois, todo un macroproceso organizado pola Mente divina onde cada feito particular tiña a súa correspondencia no plano xeral, que era o que o historiador trataba de pescudar.

En Vicetto atopamos clara a intención apoloxética de Galiza. O seu desexo de prestixiar o seu país levouno a considerar a Galiza como matriz de Europa, xa que, consonte á súa idea de Historia, en Galiza xerouse o cristianismo, que posteriormente se espallaría polo resto de Europa. Por esta razón, Vicetto reclamou a honra que lle correspondía a Galiza como berce do cristianismo. Este autor non se esqueceu da orixe celta, integrándoa no seu programa para louvar o país. Emporiso, o mito céltico en Vicetto é proxectado sen ningunha funcionalidade, nunha perspectiva histórica e cultural. En canto ás fontes que emprega na súa obra, ademais das xa mencionadas para os autores anteriores, debemos mencionar o amplo uso da imaxinación para encher os baleiros

históricos. Velaquí a razón que nos permite cualificar de novelesca a obra de Vicetto.

Como paso intermedio cara a argumentación historiográfica de Manuel Murguía imos achegarnos á figura de Antolín Faraldo (1822-1853). Así, os obxectivos de Faraldo ao achegarse á Historia de Galiza non son meramente intelectuais, pois vai colocar o seu discurso histórico ao servizo dun proxecto político, ao servizo do país. Deste xeito, o celtismo en Faraldo activase cara a reivindicación política. A orixe celta de Galiza era, para Faraldo, unha xustificación para demandar un presente que recoñecera a necesaria influencia que Galiza debía ter.

Antolín Faraldo foi un dos líderes do movemento provincialista, a primeira etapa do galeguismo político. A xeración provincialista ten inicio a comezos da década de 1840 e ten un punto de inflexión decisivo en 1846 co levantamento militar de Galiza contra o goberno moderado do xeneral Narváez. Os provincialistas recorreron á Historia de Galiza para lexitimaren as súas demandas. Procuraban no pasado as grandezas do país co obxectivo de amosalas aos seus contemporáneos, para teimar deste xeito na necesidade de rexeneración de Galiza. Pretendían dar a coñecer a Historia do pobo galego para que, a partir deste coñecemento, xurdira unha consciencia de Galiza como pobo politicamente diferenciado. Este recurso á tradición histórica levou aos provincialistas a oporse á división de Galiza en catro provincias (1833), considerando que Galiza era unha unidade, unha soa provincia, de aí o seu nome<sup>5</sup>.

Este historicismo que acabamos de comentar foi un dos principais legados do provincialismo. Procurar na Historia a xustificación das demandas do presente (e un futuro mellor) sitúa a estes provincialistas —os precursores en denominación murguía— como un precedente inmediato do gran labor historiográfico de Manuel Murguía.

#### 4. MANUEL MURGUÍA

Se ben Faraldo xa empregara os seus estudos verbo da Historia de Galiza para poñelos ao servi-

<sup>4</sup> Vicetto, Benito: *Historia de Galicia*, Ferrol: Nicasio Taxonera, 1865.

<sup>5</sup> Antolín Faraldo publicou no xornal de Santiago *El Recreo Compostelano* unha serie de artigos nos que facía un percorrido pola Historia de Galiza. Para Faraldo non había dúbida da identificación entre celtas e galegos: “De este modo la nación céltica ó gallega, con sus *Druídas*, sus leyes, su religión, sus ciencias i organización política, se había formado, ayudada de los años i de la civilización de los griegos i cartajineses, un gran pueblo que mas de una vez estremeció al senado i fué el último de la España que besó las cadenas de los hijos de Rómulo”, vid. *El Recreo Compostelano*, n.º 5, 11 de marzo de 1842.

zo das súas ideas políticas, non se pode dicir que fora un home dedicado á Historia profesionalmente. O caso máis claro, e o máis importante, de vencello entre Historia e construción nacional atopámolo en Manuel Murguía (1833-1923), o historiador galego máis importante do século XIX, tan importante que deixou unha forte pegada, tanto pola súa figura como pola súa obra.

Sen dúbida podemos afirmar que Murguía é o apóstolo do celtismo en Galiza, o home que identificou totalmente aos celtas coa poboación galega. O celtismo convértese no cerne de toda a argumentación de Murguía, o alicerce encol do que se ergue todo o seu edificio histórico-político. A importancia deste historiador provén do feito de que a través do discurso histórico da raza contribuíu a sementar unha consciencia nacional galega, é dicir, foi labrando o galeguismo político aproveitando a raza celta como factor de reivindicación. Do dito até aquí deducimos que, a diferenza dos historiadores anteriores, Murguía dá-lle unha funcionalidade práctica ao celtismo, colocándoo como base das súas ideas para o progreso de Galiza. Comprobamos, deste xeito, o vencello entre Historia e construción nacional.

O monumental edificio histórico de Manuel Murguía componse de cinco volumes. O primeiro tomo da súa *Historia de Galicia* viu a luz en 1865, encargándose da súa publicación o editor lucense Soto Freire, quen tamén se encargaría de sacar á rúa o segundo volume (1866). O primeiro tomo estaba encabezado por un longo discurso preliminar, no cal o historiador xa adiantaba as claves fundamentais da súa magna obra. O terceiro volume publicouse na Coruña en 1888 polo editor Andrés Martínez Salazar. O cuarto tomo tamén se imprentou na cidade herculina en 1891, baixo a responsabilidade de Eugenio Carré Aldao. Finalmente, o quinto e último volume da *Historia de Galicia* de Manuel Murguía publicouse na Coruña en 1913, na imprenta e fotogravado de Ferrer<sup>6</sup>.

Para Murguía a raza era, xa que logo, onde se fundamentaba a nacionalidade galega. Galiza pertencía a unha raza diferente ao resto dos pobos peninsulares. O celtismo era o elemento que lle daba a Galiza a súa especificidade. O celtismo era a base do *Volksgeist* galego, sendo a raza a base duns costumes e dun xeito de vida propio. Por

outra parte, a raza celta atopaba a súa comprobación na Historia, no proceso histórico era onde se demostraba o carácter celta de Galiza. Neste senso, cómpre ter en conta que Murguía á hora de valorar o celtismo non destacaba tanto a orixe celta de Galiza, canto a continuidade deste celtismo ao longo da Historia. Murguía valoraba máis a permanencia dos caracteres célticos co paso do tempo, desde a súa chegada os celtas impuxeron os seus valores, que chegarían incólumes até a actualidade. Así, factores como a conquista romana ou a posterior romanización non terían efecto sobre o carácter celta de Galiza, e, pola contra, a chegada dos suevos favorecería máis a pegada céltica. A supervivencia destas características célticas era o que lle daba á argumentación de Murguía o seu valor reivindicativo.

Unha vez que ten ergueito o seu edificio histórico, Murguía vaino pór ao servizo do seu proxecto político: o rexionalismo galego. O celtismo acadou toda a súa funcionalidade práctica creando a consciencia nacional galega. Velaquí a demostración de que a Historia ten un rol destacadísimo neste proxecto de construción nacional. E cal era a misión que cumpría a Historia no proxecto político murguían? Primeiramente axudar a crear unha identidade propia, unha nobre orixe que sirva como factor de reivindicación. O celtismo entendíase ademais como un factor de superación das contradicións internas e das fendas sociais. Por suposto, o celtismo impugnaba o centralismo español, xa que o carácter celta dá-lle a Galiza unha vida diferenciada, que tamén esixía dunha política de seu. O celtismo cumpriu tamén un factor de modernización, a orixe nobre debía axudar tamén ao prestixio da economía.

Recapitulando, temos que a construción de Murguía baséase en varios factores encadeados: unha raza, fundamentadora da nacionalidade; á súa vez esa raza atopa demostración na Historia, e esa Historia estaba posta ao servizo dun proxecto político, que tiña por misión reivindicar a causa de Galiza. Raza e Historia son, xa que logo, os elementos fundamentais da argumentación de Murguía. Sinalar tamén o papel que Murguía lle concedía á lingua galega como factor nacionalitario, aínda que esta cuestión non será desenvolvida plenamente até o século XX.

<sup>6</sup> Da importancia desta monumental obra dá idea o feito de que os galegos de Cuba, a través do Centro Gallego da Habana, financiaron o tomo terceiro, cuarto e quinto desta obra. Os emigrantes galegos en América axudaron de forma decisiva á consolidación do movemento galeguista en Galiza. Das achegas económicas dos emigrantes non hai mellor exemplo que as axudas enviadas para a publicación da *Historia de Galicia* de Manuel Murguía.

Podemos observar como estamos no outro extremo da Historia apoloxética dos século anteriores, cando o que se pretendía resaltar era a españolidade de Galiza. Na argumentación de Murguía ocorría todo o contrario, resaltábase a diferenza de Galiza a respecto do resto da Península, é dicir, producíase un claro desprazamento do referente nacional: de España a Galiza. Deste xeito xa nos atopamos cos elementos dun movemento nacionalista: un referente de afirmación, que é Galiza e o celtismo; e un referente de negación, que é Castela/España, vencellada a outra raza, a semita. Distintas razas, distintos caracteres e xeitos de vida.

Se Murguía representaba un punto e aparte no tratamento que se lle daba ao celtismo, na súa obra tamén vai mudar o xeito de facer Historia. Na metodoloxía da súa obra, Murguía situábase a medio camiño entre o Romanticismo e o positivismo. Do primeiro conservaba unha grande dose de erudición, así como unha Historia literariamente ben escrita. Porén, en Murguía xa se foi abrindo paso outro xeito de facer e entender a Historia. O positivismo levou á valoración das fontes documentais orixinais, como mellor xeito de demostrar as argumentación históricas.

Do comentado en liñas anteriores, podemos deducir que a argumentación nacionalitaria de Murguía era de carácter *racista*. No entanto, cómpre matizar esta cuestión para non ser mal interpre-

tada. Podemos afirmar que o *racismo murguían* é de carácter fundamentador, non xenófobo, é dicir, non hai unha vertente agresiva nin violenta. O celtismo de Murguía era algo para *o consumo interno*, tiña por obxectivo facerlles ver aos galegos a súa nobre orixe, para que deste xeito puideran reclamar os seus dereitos e construír un futuro mellor, a súa argumentación vai dirixida aos galegos e non contra ningún pobo. E isto era así xa que Murguía era un home claramente liberal, situación que non debemos de perder de vista. Este historiador foi a cabeza do sector máis liberal e progresista do rexionalismo galego. As referencias ao pasado non tiña por obxectivo resucitar ningunha orde antiga, nin institucións pasadas, senón que, pola contra, lexitimaban o cambio: o egrexio pasado esixía un glorioso futuro. En suma, foi en Murguía onde se pode ver esa curiosa síntese de elementos etnicistas e liberalismo, que mestura as dúas principais concepcións da nación existentes: a da tradición francesa e a da tradición alemá.

En resumo, o importante non era —non é— que foramos ou non celtas, senón a finalidade que co celtismo se pretendía: darlle un pasado glorioso a Galiza para sementar nos galegos a consciencia nacional e facer que se ergueran e loitaran polo seu país. O esquema céltico murguían non ía contra ninguén, era posto ao servizo de Galiza, ao servizo de todo un pobo. Valoremos iso de Manuel Murguía.

## 5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1988): “A historia de Historia: Aproximación a unha historiografía galega (séculos XVI-XIX)”, en CASTRO, Xavier e JUANA, Jesús (eds.): *IV Xornadas de Historia de Galicia. Historiografía galega*, Ourense: Deputación provincial, p. 17-78.
- (1993) “A historia da Historia. Aproximación a unha historiografía galega: de Murguía a Risco”, en *Semata*, n.º 5, p. 183-209.
- (1996) “Historiografía de la historia local gallega”, en AGIRREAZCUENAGA, Joseba e URQUIJO, Mikel (eds.): *Perspectivas de historia local: Galicia y Portugal*, Bilbao: Universidad del País Vasco, p. 49-71.
- BERAMENDI, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- BERAMENDI, Justo e NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel (1995): *O nacionalismo galego*, Vigo: A Nosa Terra
- MÁIZ, Ramón (1984): “Raza y mito céltico en los orígenes del nacionalismo gallego: Manuel M. Murguía”, en *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, n.º 25, p. 137-180.
- (1992) “A función político-ideolóxica da historia no discurso do nacionalismo galego”, en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, p. 107-116.